

APRENDIZAXE COOPERATIVA NA UNIVERSIDADE E EN DIFERENTES CONTEXTOS



ALMUDENA ALONSO-FERREIRO; ISABEL MOCIÑO; BREOGÁN RIOBÓO; MARÍA AINOZ ZABALDA

SINOPSE

Unha boa parte do profesorado da Facultade de Educación e Traballo Social do Campus de Ourense, na Universidade de Vigo, leva un tempo transitando cara a metodoloxías alternativas, máis activas e participativas, na súa docencia universitaria. Este camiño comezou co deseño e posta en práctica dun proxecto piloto de innovación docente que buscou primeiro formar o profesorado para despois poñer en práctica, nas respectivas aulas universitarias, a aprendizaxe cooperativa como fío vertebrador de todas as titulacións de grao presentes na Facultade.


Tras afrontar este desafío, unha parte do profesorado que iniciou aquel camiño, xunto con outro de nova incorporación no centro e/ou no emprego da metodoloxía da aprendizaxe cooperativa, comparte as súas experiencias en materias de grao de distintas áreas de coñecemento.

Este volume presenta, por unha parte, unha achega histórica á contextualización da aprendizaxe cooperativa e, pola outra, as aportacións tanto de profesorado doutras universidades e niveis educativos, que contribuíron coas súas experiencias a enriquecer o proceso formativo do profesorado da nosa facultade, como as propias experiencias do profesorado da Facultade de Educación e Traballo Social, que achega o proceso de aplicación da aprendizaxe cooperativa nas diferentes materias e graos universitarios nos que imparte docencia.

Con esta obra buscamos contribuír ao impulso das metodoloxías activas e, particularmente, da aprendizaxe cooperativa no ámbito da educación superior. Agardamos que estas experiencias sirvan de inspiración para outros profesionais e institucións académicas que queiran explorar vías de innovación docente que melloren o proceso de ensino-aprendizaxe....

Editora	UNIVERSIDADE DE VIGO
Materia	INVESTIGACIONES
Colección	MISCELANEA .SERIE DE TEXTOS MISCELANEOS
EAN	9788411880862
Estado	Disponible
Encadernación	Tapa blanda
Páxinas	190
Tamaño	240x170x150 mm.
Peso	400
Prezo (Imp.inc.)	12,00€
Idioma	Galego
Data de lanzamento	06/03/2026

Títulos relacionados



TRABAJO Y CAPITAL EN EL SIGLO XXI
ALBINO PRADA BLANCO



A TRANSFORMACION FEMININA DA REALIDADE . UNHA CUESTION DE
XULIO PARDO DE NEYRA



ARQUITECTURA DE ORDENADORES
AA.VV.



NO FONDO DOS ESPELLOS 2015-2020
XOSE LUIS MENDEZ FERRIN